

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

EXTRACTO da Resolución do 14 de maio de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega e se convocan para o ano 2018.

BDNS (Identif.): 399970.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas ou xurídicas constituídas como produtoras audiovisuais independentes cunha antigüidade mínima e sen interrupcións dun ano (epígrafe IAE 9611), e con sucursal ou oficina permanente polo menos un ano, previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea e que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.

Segundo. *Finalidade*

A finalidade das subvencións é o fomento dos traballos previos á produción audiovisual, que se atopen en fase inicial de desenvolvemento e que se prevea que se levará a cabo nos exercicios 2018 e 2019, nas modalidades seguintes:

- a) Desenvolvemento de proxectos de ficción para cine e televisión (longametraxes, series e miniserries).
- b) Desenvolvemento de proxectos de animación (longametraxes cinematográficas e series de animación para TV).
- c) Desenvolvemento de proxectos de documental para cine e televisión.
- d) Desenvolvemento de proxectos de pilotos de programas para televisión que destaquen por ofrecer formatos innovadores e alto potencial de internacionalización.



Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 14 de maio de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega e se convocan para o ano 2018.

Cuarto. Importe

O importe máximo da subvención concedida pola Agadic non poderá superar o 75 % do importe subvencionable.

En todo caso, as cantidades máximas que se poderán conceder segundo o tipo de proxecto son as seguintes:

Longametraxe cinematográfica de ficción/serie ou miniserie de ficción para TV: 20.000 €.

Longametraxe cinematográfica de animación/serie de animación: 20.000 €.

Longametraxe de ficción para TV/longametraxe cinematográfica documental/longametraxe documental para TV/piloto de programa para TV: 10.000 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega
das Industrias Culturais

